



AVISO DA DIRECCIÓN XERAL DE EMERXENCIAS E INTERIOR DUN EPISODIO DE FENÓMENOS METEOROLÓXICOS ADVERSOS PARA GALICIA

DATA DE ENVÍO: 12/06/2026

TIPOLOXÍA: TORMENTAS

NIVEL DE ALERTA: AMARELO

A Axencia Estatal de Meteoroloxía (AEMET) informa no boletín 196/71GAL dun fenómeno meteorolóxico adverso por **TORMENTAS** de nivel **AMARELO**, que se iniciará a partir das 14:00h. do día 13/06/2026 e que se prolongará ata primeiras horas da noite do mesmo día. As zonas que se verán afectadas serán **LUGO (Sur)** e **OURENSE (Noroeste, Miño e Montaña)**. As treboadas poderán vir acompañadas de saraiba e fortes rachas de vento.

Un aviso de nivel amarelo por tormentas indica que na zona de aviso afectada prevense tormentas fortes. Dado o carácter destes fenómenos existe a posibilidade de que se poidan producir tormentas de intensidade superior de forma puntual.

Polo que a Dirección Xeral de Emerxencias e Interior comunícalles que, en previsión destes feitos: **ADOPTEN** as medidas preventivas necesarias ante as citadas predicións meteorolóxicas e, no seu caso, **ALERTEN** ou **MOBILICEN** aos medios e recursos a dispor. Ante calquera emerxencia chame ao 112.

No caso de precisar información máis puntual ou desagregada, chame ao Centro Integrado de Atención ás Emerxencias 112 Galicia, ou consulte a páxina web da AEMET: www.aemet.es, do CIAE 112: www.axega112.gal, e de Meteogalicia: www.meteogalicia.es